

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Área de Seguridade e Mobilidade

*Nomeamento do órgano instrutor do procedemento sancionadores iniciados por infracción da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas*

##### ANUNCIO

#### ASUNTO.- NOMEAMENTO DO ORGANO INSTRUTOR DO PROCEDEMENTO SANCIONADORES INICIADOS POR INFRACCIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS

O art. 127.1.l) da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local o exercicio da potestade sancionadora salvo que por lei estea atribuída a outro órgano.

A Xunta de Goberno Local por acordo de 23.08.2013( BOP núm. 207 do 30.10.2013), nomeou ao xefe de Servizo da Policía Local como instrutor para a materialización dos procedementos sancionadores iniciados por infracción da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público (BOP núm. 207 do 30.10.2013).

Por Decreto de Alcaldía de 22.07.2015 (BOP núm.158 do 20.08.2015) delegouse no concelleiro de Mobilidade as atribucións para o desenvolvemento e aplicación da Ordenanza municipal reguladora das instalacións de terrazas en espazos de uso público aprobada polo Pleno o 06.05.2016; e por acordo da Xunta de Goberno Local de 31.07.2015 (BOP núm. 163 do 27.08.2015) delegouse expresamente no propio concelleiro de Mobilidade Sostible a competencia para a imposición das sancións previstas na Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos públicos.

Consonte o informe de Asesoría Xurídica do 07.07.2016, a competencia para sancionar o incumprimento da citada Ordenanza corresponde “á concellería á que fosen delegadas as competencias de resolución nesta materia” (art. 28 da Ordenanza).

Por todo o exposto formúlase a seguinte:

##### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**Primeiro.-** Nomear como órgano instrutor dos procedementos sancionadores iniciados por infracción da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público á persoa que se designe no acordo de inicio de cada procedemento sancionador.

**Segundo.-** Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Á vista do informe emitido no Departamento de Mobilidade Sostible ditei a seguinte

##### RESOLUCION

**Primeiro.-** Nomear como órgano instrutor dos procedementos sancionadores iniciados por infracción da Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público á persoa que se designe no acordo de inicio de cada procedemento sancionador.

**Segundo.-** Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 15 de novembro de 2015

Por delegación da Xunta de Goberno Local,

O concelleiro delegado de Mobilidade Sostible,

Daniel Díaz Grandío

2016/9555